

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO É O CONCELLO DE DUMBRIA PARA A XESTIÓN DO ALBERGUE DE PEREGRINOS DE O CONCO

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo é unha sociedade anónima de capital público da Xunta de Galicia, que segundo os seus estatutos, ten entre as súas finalidades “a realización de actividades dirixidas á xestión dos servizos comúns da rede pública de albergues e do resto do seu patrimonio social”.

2. En concreto, constitúe o obxecto da sociedade a realización das seguintes actividades:

a) A xestión dos ingresos e gastos derivados do funcionamento da rede pública de albergues e do resto de edificios da entidade.

b) A contratación, seguimento e xestión dos servizos de mantemento, seguranza, limpeza, atención así como todos aqueles que sexan necesarios para o correcto funcionamento da rede pública de albergues e do resto do patrimonio da entidade.





A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo é titular ou ten encomendados neste momento 76 albergues de peregrinos nos sete Camiños a Santiago de Compostela

Estes albergues están espallados polos itinerarios declarados oficialmente pola Xunta de Galicia como Camiño de Santiago, que acadan mais de 1300 km, coa seguinte distribución xeográfica:

1. Camiño francés: 22 albergues
2. Camiño Primitivo: 6 albergues
3. Camiño Norte: 9 albergues
4. Camiño Inglés: 7 albergues
5. Camiño Fisterra / Muxía: 5 albergues
6. Camiño Portugués: 10 albergues
7. Vía da Prata – Camiño Mozárabe: 15 albergues

A acollida e hospitalidade aos peregrinos conforma unha peza básica na promoción do Camiño de Santiago e os seus valores, e constitúe un dos principais recursos culturais e turísticos de Galicia

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo é titular, cesionaria, ou ten encomendada a rede pública de albergues de peregrinos da Xunta de Galicia, e xestiona a maioría destes albergues directamente, por medio dunha empresa concesionaria. Outros albergues son xestionados polos concellos onde están situados ou por entidades sen ánimo de lucro vencelladas aos Camiños de Santiago.





No primeiro caso a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo ten contratado o servizo de atención ao peregrino, limpeza e cobro nos albergues que xestiona directamente, A empresa contratante asume, en virtude do seu contrato, a xestión do cobro efectuado nos albergues xestionados polos concellos e outras entidades mediante a venda de tickets numerados e correlativos impresos pola Fábrica Nacional de Moneda y Timbre e distribuídos pola Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo. Así mesmo asume a reparación e mantemento dos albergues.

Dende os inicios de creación da rede pública de albergues de peregrinos da Xunta de Galicia foron acordados diversos convenios de colaboración cos respectivos concellos para a xestión de establecementos deste tipo, mantendo a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo a titularidade dos mesmos.

Cómpre a renovación destes convenios na medida en que se produza o vencemento dos actualmente vixentes ou na medida que o aconsellen as circunstancias particulares de cada caso.

Ao abeiro deste convenio o concello terá ao seu cargo todos os gastos de conservación, mantemento e funcionamento do albergue do Conco sito na súa localidade, dispoñendo ao mesmo tempo do persoal necesario para atendelo segundo a normativa vixente.

Así mesmo o concello comprometese á venda dos bonos proporcionados pola Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, a través da empresa adxudicataria, para a utilización dos





albergues polos peregrinos e ingresará o resultado da recadación obtida na conta designada pola Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo.

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo destinará as 2/3 partes da recadación obtida ao concello, para contribuír aos gastos asumidos en virtude deste convenio. O terzo da recadación restante será en beneficio da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo como titular da rede pública de albergues de peregrinos da Xunta de Galicia, para financiar outros gastos de xestión, así como os gastos extraordinarios.

Polo que ambas partes obteñen dos ingresos e gastos en forma paritaria sendo compensándose os custes asumidos polos Concellos coa aportación das 2/3 da recadación e o 1/3 da Sociedad para os gastos ocasionados a mesma , non existindo animo de lucro pola ningunha das partes

A S.A. resérvase o dereito a modificar o prezo establecido para a utilización dos albergues dado que o custe e as prestacións deberán ser iguais para a rede pública de albergues

Resulta, por tanto, de interese tanto para a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo como para o concello de Dumbria asinar un convenio sobre esta materia para o albergue sito en O Conco que redundará en beneficio do concello así como da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo.





A presente actuación é incompatible cunha concorrencia competitiva dado que é o albergue público está dentro de dito concello, e e forma parte da rede de albergues de Galicia.

Na data da sinatura dixital

O Secretario do Consello de Administración e apoderado da Sociedade

Antonio Casas Calviño

